



Concello de Bueu

PROBAS DE CAPACITACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU CORRESPONDENTES AO ANO

2020

(EXPDT. REF. 1282/2020)

TEST

APELIDOS:

NOME:

D.N.I.:

Instrucións para elaboración do TEST:

- *Lea atentamente todas as preguntas plantexadas e sinale cunha "x" a que considere correcta.*
- *Se desexa cambiar a opción escollida inicialmente, rodee cun círculo a opción inicial e sinale cunha "x" a nova opción de resposta escollida.*
- *O exame consta de 50 preguntas e 04 de reserva (as de reserva utilizaranse soamente se por erro detectado o tribunal decida anular algunha das 50).*
- *O tempo do test é de 60 minutos.*
- *A cualificación da proba farase eliminando unha resposta correcta por cada catro incorrectas, sendo necesario para superar a proba obter polo menos un 5.*
- *Durante a realización do exame non se permitirá a formulación de ningunha pregunta aos membros do Tribunal relacionada co contido das preguntas*

1.- Onde se atopa a praia de Agrelo?

- a.- Na parroquia de Beluso.
- b.- Na parroquia de San Martiño de Bueu.
- c.- Na parroquia de Santa María de Cela.

2.-Como chegar antes ao Instituto Johan Carballeira desde a oficina da Policía Local de Bueu?.

- a.- Transítase polas rúas Montero Ríos, X. Carballeira, Ramón Bares e Stefan Morling.
- b.- Transítase polas rúas Montero Ríos, Matilde Bares, Pazos Fontenla, Avda Marín.
- c.- Transítase por Castelao, Canivelos, Ramal dous Galos. Avda de Cangas e Avda dá Barca.

3.- Onde se atopa a Biblioteca Municipal de Bueu?

- a.- Na r./ Eduardo Vincenti.
- b.- Na r./ A. R. Castelao.

Concello de Bueu



Concello de Bueu

c.- Na r./ Ramal dous Galos.

4.- A que parroquia pertence o lugar da Carrasqueira?

a.- Parroquia de Beluso.

b.- Parroquia de Cela.

c.- Parroquia de Bueu.

5.- Onde se atopa a praia de Melide?

a.- Na parroquia de Cela.

b.- Na parroquia de Bueu.

c.- Na Illa de Ons.

6.- En que lugar se atopa o campo de fútbol de Laxes?

a.- Lugar de Cabalo.

b.- Lugar de Montemogos.

c.- Lugar de Vilar.

7.- En que lugar se atopa o CEIP de Cela?

a.- Lugar de Castrelo.

b.- Lugar de Murrans.

c.- Lugar de Torre.

8.- En que lugar se atopan as dependencias(comisaria) da Policía Local de Bueu?

a.- Avenida de Montero Ríos número 18 1º .

b.- Rúa Eduardo Vincenti número 8 1º .

c.- Rúa Eduardo Vincenti número 10 2º .

9.- En que lugar se atopa a inspección técnica de vehículos de Bueu (I.T.V.) ?

a.- Parque empresarial de Ial Portela .

b.- Parque empresarial de Castiñeiras .

c.- Parque empresarial de Castiñans .

10.- Con que Parroquias de Bueu linda o Concello de Moaña?

a.- Beluso e Cela .

b.-Beluso e Bueu .

c.- Bueu e Cela .

11.- Que días se celebra o mercadillo no Concello de Bueu.

a.- Mércores e venres.

Concello de Bueu



Concello de Bueu

- b.- Martes e xoves.
- c.- Luns e xoves.

12.- Cantas parroquias ten Bueu?

- a.-4 .
- b.-3 .
- c.-5 .

13.- A que parroquia pertence a Illa de Ons?

- a. Hermelo.
- b. Cela.
- c. Beluso.

14.- A que parroquia pertence o lugar da Achadiza?

- a. Beluso.
- b. Cela.
- c. Ons.

15.- Que praia esta no medio da praia de Covelo e Lapaman?

- a.- Sartaxens .
- b.- Pedreira .
- c.- Muiño Vello.

16. Conducir, cun permiso da clase B, un turismo que arrastra un remolque lixeiro, Está permitido?

- a. Si, nun taller autorizado.
- b. Só se a masa máxima autorizada do conxunto non supere os 3500 quilogramos.
- c. Si, en calquera caso.

17. Se un vehículo realiza unha reforma técnica de importancia, é obrigatorio pairas unha inspección técnica extraordinaria?

- a. Si, nun taller autorizado.
- b. Si, nunha estación de ITV.
- c. Non, non é necesario.

18. Que é unha detención?

- a. Un estacionamento sen baixarse do vehículo.
- b. A inmovilización do vehículo por necesidades da circulación.
- c. Unha parada por calquera causa.

Concello de Bueu



Concello de Bueu

19. Como norma xeral, onde está prohibido adiantar?

- a. Nas calzadas de menos de 8 metros de anchura.
- b. En todas as curvas e cambios de rasante.
- c. Nas interseccións e as súas proximidades.

20. Se por calquera circunstancia tivese que realizar a operación de descarga do seu vehículo dentro da vía pública, Como deberá facelo?

- a. Depositando a mercadoría na beiravía ou na zona peonil máis próxima
- b. Efectuando a descarga canto antes, evitando ruídos e molestias innecesarios.
- c. En ningún caso debe realizarse a operación de descarga dentro da vía.

21. A luz antinéboa traseira deberá utilizarse en caso de...

- a. Forte vento.
- b. Circulación intensa.
- c. Néboa ou choiva moi intensa.

22. Nun túnel cun carril para casa sentido de circulación, está permitido adiantar?

- a. Se, cando non haxa sinais que o prohiba.
- b. Non.
- c. Se, se hai suficiente visibilidade.

23. Un turismo que circula entre a posta e a saída do sol debe levar iluminadas as prazas de matrícula?

- a. Só a dianteira.
- b. Só a traseira.
- c. Se, tanto a traseira como a dianteira.

24. A un turismo, Cando lle está permitido circular pola beiravía?

- a. En ningún caso.
- b. Cando por razóns de emerxencia, circule a velocidade anormalmente reducida.
- c. Por razóns de fluidez, sempre que o tráfico estea conxestionado.

25. Vese obrigado a trasladar nun turismo a un ferido, Debe respectar as normas de circulación?

- a. Si, e asegurareime de que non poño en perigo a outros usuarios
- b. Si, pero só nas interseccións
- c. Non, e estou exento de respectar os sinais dos axentes



Concello de Bueu

26.- De acordo co sinalado no artigo 1 da “Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi do Concello de Bueu”, constitúen títulos habilitantes para a prestación dos servizo de taxi:

- a. As licenzas municipais de taxi, concedidas polo Concello e que permiten a prestación dos servizos urbanos e interurbanos.
- b. As autorizacións interurbanas de taxi, que permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo Concello.
- c. As licenzas de taxi, que habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo Concello e as autorizacións interurbanas de taxi, que permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da Consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

27.- O titular dunha licenza de taxi deberá presentar a seguinte documentación:

- a. Cada cinco anos presentará ante o Concello o certificado da axencia tributaria conforme se atopa de alta no epígrafe do IAE 722 dende o momento inicial ata dito momento, informe de vida laboral no que conste data de alta na actividade e continuidade ata dito momento, certificado de estar ao corrente coa AEAT, coa ATRIGA e coa Seguridade Social e a declaración dos asalariados conforme están ao corrente de cobro nas remuneracións.
- b. Só deberá presentarse a documentación indicada no apartado a) no momento da obtención da licenza municipal.
- c. Presentará ante o Concello con periodicidade anual o certificado da axencia tributaria conforme se atopa de alta no epígrafe do IAE 722 dende o momento inicial ata dito momento, informe de vida laboral no que conste data de alta na actividade e continuidade ata dito momento, certificado de estar ao corrente coa AEAT, coa ATRIGA e coa Seguridade Social e a declaración dos asalariados conforme están ao corrente de cobro nas remuneracións.

28.- Poderá autorizarse a transmisión dunha licenza de taxi:

- a. Cando exista acordo entre o titular da licenza e o interesado na adquisición da mesma sen que sexa un trámite no que teña que intervir o Concello.
- b. Se transcorreron polo menos dous anos dende a adquisición polo transmitinte da condición de titular da licenza de taxi e da autorización interurbana de taxi e se cumplan ademais as circunstancias indicadas no artigo 6 da “Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi do Concello de Bueu”.
- c. Sempre que os interesados presenten ante o Concello a correspondente comunicación de cambio de titularidade, non existindo ningunha limitación de carácter temporal que impida a transmisión.

29.- As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente:

- a. Por un período máximo de dous anos e por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada ou de oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular.
- b. Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada ou de oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular, sen que exista un período máximo de suspensión.



Concello de Bueu

c. Sempre que o titular da licenza o considere poderá suspender a actividade, non estando obrigado a comunicar ao Concello a citada suspensión, sempre que se trate dunha suspensión temporal.

30.- De acordo co sinalado na “Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi” o Concello ten potestade, en relación á prestación do servizo para:

a. Sinalar os lugares de parada nos que os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros tendo en conta para a súa localización o acceso das persoas de mobilidade reducida. Para a localización, modificación ou supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás de persoas consumidoras e usuarias.

b. Non figura entre as potestades do Concello a sinalada no apartado a), xa que o sinalamento dos lugares destinados a paradas corresponde á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

c. O Concello non intervéñen no sinalamento dos lugares destinados a paradas, sendo competencia de xeito exclusivo dos titulares das licenzas de taxi, establecer os lugares de parada nos que os os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros.

31.- En relación ao desenvolvemento do servizo, de acordo co establecido no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia,

a. Cando o servizo se contrate a través de medios telemáticos, considerarase iniciado no momento no que usuario se atope instalado no vehículo.

b. Nos supostos de contratación por mediación de centrais de radiotaxi ou outros sistemas telemáticos equivalentes, ou a través dos teléfonos situados nas paradas de taxi do Concello, o servizo se considerará iniciado no lugar e no momento no que o vehículo recibe o encargo de prestar o servizo.

c. No momento da contratación a través de medios telemáticos, se establecerán as condicións relativas ao desenvolvemento do servizo, determinando en concreto cando se considera que se inicia o mesmo.

32.- En aplicación da Ordenanza municipal, as persoas usuarias poderán concertar o servizo de taxi na vía pública mediante o aviso de detención do taxi libre de servizo,

a) Sempre, xa que esta modalidade de contratación está permitida en calquera circunstancia.

b) Non se poderá utilizar este modo de concertación se a persoa peticionaria do servizo se atopa a menos de 100 metros de distancia dunha parada onde haxa taxis ou outras persoas en espera do servizo, agás no caso de que se trate de persoas de mobilidade reducida cando soliciten un taxi adaptado.

c) Non se poderá utilizar este modo de concertación se a persoa peticionaria do servizo se atopa a menos de 200 metros de distancia dunha parada onde haxa taxis.

33.- De conformidade coa Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a prestación do servizo estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias,



Concello de Bueu

- a. No Concello de Bueu é recomendable aplicar as tarifas aprobadas por Resolución da Alcaldía relativas aos servizos urbanos.
- b. O Concello de Bueu ten aprobadas as tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi por Resolución da Alcaldía de data 28.09.2015.
- c. As tarifas que rexen os servizos urbanos de taxi nos concellos da Provincia de Pontevedra se regulan a través da normativa provincial.

34.- De conformidade coa Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e co Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia:

- a. As tarifas poderán ser revisadas por períodos que serán anuais, con carácter xeral
- b. As tarifas deberán ser revisadas por períodos que serán anuais, con carácter xeral
- c. Os informes de órganos colexiados que resulten preceptivos para a revisións das tarifas deberán ser solicitados dentro do primeiro trimestre do ano anterior a aquel no que vaian ser efectivas

35.- Prestar os servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo mediante un condutor ou condutora que non estea debidamente autorizado para a conducción e habilitado para a prestación do servizo, constitúe, de acordo co sinalado na Ordenanza municipal:

- a. Unha infracción leve.
- b. Non está tipificado como infracción.
- c. Unha infracción moi grave.

36.- En relación á colocación e forma de distintivos e adhesivos de publicidade nos vehículos destinados ao servizo de taxi:

- a. Resultan de aplicación as condicións contidas no Anexo II da Ordenanza Municipal reguladora do servizo do taxi.
- b. Os vehículos destinados ao servizo de taxi non poderán ter anuncios publicitarios.
- c. As condicións para a colocación de publicidade nos vehículos destinados a taxi se regulan exclusivamente pola normativa autonómica.

37.- Os vehículos que presten servizo de taxi no Concello de Bueu:

- a. Deben estar equipados con taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coa normativa establecida.
- b. Non é obrigatorio que contén con taxímetro por tratarse por tratarse dun municipio de menos de 15.000 habitantes.
- c. Deben estar equipados con taxímetro, si ben non existe obriga de expedición de factura.

38.- De acordo co establecido na Ordenanza municipal, para a substitución do vehículo destinado a taxi:

Concello de Bueu



Concello de Bueu

- a. Requírese a autorización do Concello e deberá ser un vehículo novo.
- b. Unha vez obtida a licenza de taxi non é necesario comunicar ao concello o cambio de vehículo.
- c. Requírese a autorización do Concello e en todo caso o vehículo deberá ser máis novo que o substituído e deberá cumprir os requisitos establecidos na ordenanza.

39.- Cando en lingua galega se fala de “revogar unha licenza de taxi” se refire a:

- a. Á actuación pola que se renova unha licenza de taxi
- b. Á actuación pola cal se deixa sen efecto ou se anula unha licenza de taxi.
- c. Non existe o término “revogar” en galego.

40.- En lingua galega indique a opción correcta:

- a. As xanelas estarán provistas de lúas transparentes.
- b. As ventanas estarán provistas de lunas transparentes.
- c. As fiestras estarán provistas de lunas transparentes.

41.- En lingua galega indique a serie correcta:

- a. Tarxeta, conductora, servizo.
- b. Tarjeta, conductora, servizo.
- c. Tarxeta, condutora, servizo.

42.- Os primeiros auxilios son técnicas básicas e simples que, aplicadas a en os primeiros momentos dun accidente ou enfermidade,...

- a. Poden minimizar as lesións e mesmo salvar a vida das persoas.
- b. Poden maximizar as lesións e mesmo salvar a vida das persoas.
- c. Poden evitar as lesións e mesmo salvar a vida das persoas.

43.- O termo "primeiro respondinte" aplícase a:

- a. A primeira persoa que socorre ao accidentado ou enfermo.
- b. A primeira persoa que pon en coñecemento dos servizos de emerxencia a necesidade de que interveñan e comece o socorro.
- c. A persoa que necesita servizos de socorro por accidente, lesión ou enfermidade.

44.- A conduta " PAS" fórmase coas iniciais:

- a. Protexer, Alertar e Socorrer.
- b. Previr, Alertar e Socorrer.
- c. Protexer, Alertar e Salvar.

45.- Para evitar o shock (choque):

Concello de Bueu



Concello de Bueu

- a. Colócase ao accidentado en cúbito supino, coas pernas a 90º e afrouxando a roupa.
- b. Colócase ao accidentado en cúbito supino, coas pernas a 30º e apertando a roupa .
- c. Colócase ao accidentado en cúbito supino, coas pernas a 30º e afrouxando a roupa.

46.- Na clasificación dos estados de conciencia, na somnolencia:

- a. O accidentado reacciona coa contorna na súa forma habitual .
- b. Hai unha tendencia esaxerada ao soño.
- c. Non hai ningunha resposta por parte do accidentado a ningún

47. De acordo co art. 42 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as persoas cegas ou con discapacidade visual:

- a. Teñen dereito a poder ir acompañadas dun can guía
- b. Teñen dereito a poder ir acompañadas dun can guía, sempre e cando o autorice expresamente o condutor do vehículo
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

48.- De conformidade co artigo 56 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia:

- a. As actividades de transporte de persoas en vehículos de turismo non quedan sometidas a control administrativo.
- b. As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderán exclusivamente ao órgano de xestión da área territorial de prestación conxunta en materia de transportes da Xunta de Galicia
- c. O persoal que desempeñe o labor de inspección das actividades de transporte de persoas en vehículos de turismo ten recoñecidos, no exercicio das súas funcións, o carácter e a potestade de autoridade pública

49.- De acordo co Anexo II da ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Bueu, os vehículos accesibles ou adaptados destinados ao servizo de taxi serán:

- a. En todo caso, de cor branca e levarán nunha das esquinas inferiores do cristal traseiro ou pictograma de accesibilidade definido na norma UNE 41501 que indica que o vehículo permite a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida.
- b. De cor branca ou negro e levarán nunha das esquinas superiores do cristal dianteiro ou pictograma de accesibilidade definido na norma UNE 41501 que indica que o vehículo permite a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida.
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

50.- De acordo co Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, respecto da antigüidade dos vehículos

- a. Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a cinco anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes, excepto no suposto de transmisión ou cando con antelación xa estivesen adscritos a outros títulos habilitante



Concello de Bueu

b. Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a dous anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes, excepto no suposto de transmisión ou cando con antelación xa estivesen adscritos a outros títulos habilitante

c. Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a tres anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes, en todo caso.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1R.- De acordo co art. 35 da ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Bueu, os condutores dos vehículos ao servizo de taxi están obrigados a facilitar ao usuario cambio en moedas ata a cantidade de:

- a. 10 euros
- b. 20 euros
- c. 30 euros

2R.- Como norma xeral, nunha vía interurbana que non dispón de zona peonil, Por que lado deben circular os peóns?

- a. Pola súa esquerda
- b. Pola súa dereita
- c. Indistintamente, por calquera dos dous lados.

3R. Ante os síntomas de shock e mareos, entre outras medidas debemos:

- a. Colocar ao accidentado boca abaixo, coas pernas elevadas 30º.
- b. Lateralizar a cabeza se vomita.
- c. Ambas son certas.

4R. En que lugar queda la farmacia de Cela?

- a.- A Torre
- b.- Castrelo
- c.- Pousada